



# FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>	
<b>Data:</b>	<b>Nivel:</b> _ <b>CELGA 3 LF</b> _ <b>CELGA 3 DLX</b> _ <b>CELGA 3 DLX/TDAH</b>

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>
<b>Nacionalidade:</b>
<b>Data de nacemento:</b> ___ / ___ / _____
<b>Sexo:</b> <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
<b>Lugar de nacemento:</b> <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
<b>Lugar de residencia:</b> <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
<b>Tipo de estudos cursados:</b> <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos son totalmente confidenciais. Empregaranse só para usos estatísticos.

## INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións do exame antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2021330451

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 3



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C3-A-III-21-LF

C3-A-III-21-DLX

C3-A-III-21-DLX/TDAH



## Proba A1

---


Tes uns amigos que dirixen unha revista e pídenche que colabores nela.

Ves un programa na televisión sobre como coidar os animais dun xeito máis natural.

Escribe un **texto para a revista** sobre novas maneiras de coidar os animais dun xeito natural.

En **260-300 palabras**, tes que:

- Explicar que tratamentos aparecen no vídeo para curar os animais da granxa de Xanceda.
- Describir en que consiste a acupuntura e como lles poñen agullas ás vacas desta granxa.
- Describir que tratamento lle aplican ao can que aparece no vídeo para curalo.
- Dar a túa opinión sobre as granxas ecolóxicas e os seus produtos.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



## Proba A2

---

Unha amiga envíache un correo electrónico no que che conta os seus propósitos ou plans para o ano novo.

Pídeche axuda para realizar eses propósitos ou plans.

Para poder axudarlle, les o correo da túa amiga e o texto titulado:  
O prezo dos bos propósitos.

Despois deberás redactar un **correo electrónico** de **260-300 palabras** no que tes que:

- Felicitar a túa amiga polo que pensa facer a partir do ano novo.
- Darlle a túa opinión sobre a dificultade de cumprir os propósitos ou plans de ano novo.
- Avisala de que é difícil levar adiante eses plans e darlle consellos para conseguilos.
- Explicar que vantaxes ten conseguir facer o que nos propoñemos
- Contarlle como conseguiches deixar de fumar.
- Animala cos seus propósitos para o ano novo.



**De:** [eu@correoelectronico.gal](mailto:eu@correoelectronico.gal)  
**Enviado:** Mércores, 23 de decembro  
**Para:** [ti@correoelectrónico.gal](mailto:ti@correoelectrónico.gal)  
**Asunto:** Feliz Aninovo

---

Ola, Paco!

Espero que esteades pasando moi boas festas tanto ti como a túa familia e que o próximo ano veña cheo de felicidade.

Eu xa fixen a miña listaxe de propósitos ou plans para o ano novo: deixar de fumar, ir ao ximnasio con frecuencia e perder un par de quilos.

Ademais, vou ir a clases de inglés para mellorar o que xa sei.

Que che parece? Pensas que poderei facelo?


Explicame, cando poidas, cal pensas que é a mellor maneira de cumprir os meus plans.

Lembro que ti deixaches de fumar hai un par de anos.

Moitos bicos,

Marta

## O prezo dos bos propósitos



Cumprir os desexos que temos de facer cousas diferentes no ano novo ten un prezo.

Moitas veces eses desexos non se cumpren e serven de escusa para xustificar que os plans que temos ás veces saen mal.

Pasamos de soñar a fracasar, de ter un proxecto á crúa realidade.

O mes de decembro vén cargado de propósitos e plans. O mes de xaneiro vén cheo de facturas e escusas que xustifican o fracaso deses plans.

Se non conseguimos deixar de fumar, perder quilos de máis ou sacar o carné de conducir, seguramente é porque temos pouca forza de vontade.

Tamén podemos fracasar porque somos demasiado optimistas ou non vemos como é a realidade.

## **Deixar de fumar: aforras diñeiro e melloras a túa saúde**



Moitas persoas intentan deixar o tabaco co comezo do novo ano.

Deixar de fumar é difícil de conseguir e repítese nas listas de propósitos de persoas de todas as idades.

Hai moitas e moi boas razóns para deixar de fumar como:

- Gañamos en calidade de vida.
- Temos mellor saúde.
- Facemos feliz a familia.

Ademais hai outra razón: a cantidade de cartos que aforramos ao deixar de fumar.

## Saúde, diñeiro e menos barriga



É moi habitual intentar perder peso ao comezo do novo ano.

Tras os excesos do Nadal, moitas persoas senten a necesidade de adelgazar.

En xaneiro as farmacias, parafarmacias, herboristerías e centros dietéticos enchen os seus escaparates de ofertas e anuncios para reducir peso.

Pero, con estes métodos que é o que realmente perdemos: quilos, cartos ou ambas as dúas cousas?

Os nutricionistas están de acordo en que para perder peso debemos seguir unha dieta equilibrada e facer exercicio físico.

Recoméndase facer dieta coa axuda dun profesional, pero cada persoa pode aprender a comer san pola súa conta.

A cuestión é cambiar e elaborar un menú variado, que estea bo e con menos calorías, tamén no Nadal.

## Aprender idiomas



Co comezo do novo ano moita xente ten ganas e présa por aprender ou mellorar un idioma.

Unha vez máis, a distancia entre o que queremos facer e o que conseguimos é considerable.

Segundo as estatísticas europeas, o proxecto de aprender idiomas é o plan de ano novo que máis abandonamos.

Os principais motivos que explican o abandono do estudo de idiomas son a falta de ganas, aprender moi lentamente e ter a sensación de non avanzar na aprendizaxe.



## **Como conseguir os novos propósitos**

### ■ **Obxectivos ou plans realistas e medibles**

É mellor non facer plans que non vaiamos cumprir.

O noso obxectivo debe ser medible. Se a meta é facer máis deporte, o máis apropiado sería pensar en realizar exercicio un tempo concreto. Por exemplo, media hora cada día.

Se non planeamos ben o que queremos facer, é moi fácil enganarnos a nós mesmos.

### ■ **Os propósitos debemos levalos a cabo un por un**

Non convén intentar deixar o tabaco, aprender inglés e aprobar o carné de conducir todo á vez. É posible que non logremos facer nada de todo iso. Pola contra, debemos centrarnos nun só obxectivo e, cando o consigamos, empezar co seguinte.

### ■ **Metas no tempo**

Resulta útil e moi motivador marcar límites no tempo (tres semanas, 30 días, dous meses...). Deste xeito, o propósito é máis fácil de conseguir e os resultados pódense ver mellor.

### ■ **En compañía**

A familia e os amigos son un verdadeiro apoio para que non deixemos os nosos propósitos.

Facer que a familia e os amigos participen no noso propósito é unha axuda importante. Así evitaremos as recaídas ou os abandonos.

### ■ **Aprender dos erros**

O importante é saber que fallar e recuperarse é o máis habitual.

Antes de empezar cos nosos propósitos de ano novo, temos que mentalizarnos de que queremos abandonar os propósitos.

Debemos insistir ata conseguilos.

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA  
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

